- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.

## Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Como principio metodolóxico xeral, dende a área de Lingua Castelá e Literatura prestaráselle especial atención á diversidade, utilizando métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

A organización de cada curso en unidades permite que os contidos e as competencias se concreten na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos. Isto realizarase de tal xeito que permita ao alumnado acceder a distintos niveis de complexidade atendendo á súa madurez e ao seu desenvolvemento e ritmo de aprendizaxe.

O profesorado realizará unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén; habilitando, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, aqueles mecanismos de reforzo que cumpra pór en práctica.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo. Este principio metodolóxico conseguirase fundamentalmente na selección das lecturas recomendadas ao alumnado, no uso das tecnoloxías de información e comunicación e en varias actividades extraescolares e complementarias que faciliten a iteración entre os diversos departamentos didácticos.

Promoverase a reflexión metacomunicativa e metalingüística a través do contraste entre as linguas que se imparten no centro; potenciando así unha educación plurilingüe e intercultural que lle permita ao alumnado o uso integral do seu repertorio lingüístico, discursivo e intercultural que posúe e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo.

Promoverase a coordinación co departamento de Lingua Galega e Literatura, e de Xeografía e Historia nalgúns temas, evitando así a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe das materias, tales como: estratexias de lectura, tipoloxía textual, uso da mesma terminoloxía lingüística... Neste punto, a coordinación entre os departamentos concrétese do seguinte xeito:

-Mínimos esixibles similares para unha avaliación positiva da materia.

-As pautas de presentación de traballos escritos serán as mesmas.

-A análise morfolóxica e da estrutura das palabras utilizará a terminoloxía de Lexemas e Morfemas; diferenciando

entre morfemas derivativos e flexivos, prefixos e sufixos.

-A análise sintáctica seguirá a corrente estrutural-funcionalista e intentará, na medida do posíbel, utilizar a mesma terminoloxía no tocante ás funcións sintácticas tanto da frase como da cláusula, simple e complexa.

-No tocante á frase, poderá utilizarse a expresión sintagma se así aparece nos materiais didácticos utilizados. Iso si, isto implicará explicar a diferenza no número de tipos.

-Establecerase a diferenza entre cláusula e oración.

En canto ao currículo, referido tanto aos contidos coma nos criterios de avaliación, posiblemente necesitarase adaptar as distintas probas e mecanismos necesarios para averiguar o nivel acadado de cada alumno. Dentro destes, encóntrase unha lectura obrigatoria axeitada á competencia deste grupo.

Prestarase especial atención á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, facendo especial fincapé na correcta expresión oral e escrita.

Fomentarase o pracer por ler a través da lectura en voz alta de textos seleccionados, da proposta de traballos sobre libros de lectura, de acordo cos gustos e preferencias do alumnado, e da lectura colectiva en actividades tanto de aula como complementarias, en coordinación con outros departamentos.

Deseñaranse actividades que permitan a adquisición de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Así, nas exposicións orais propostas ao alumnado, que se realizarán ao longo do curso, poderanse desenvolver practicamente todas as competencias clave: a competencia dixital, a comunicación lingüística, a emprendedora e a persoal e social.

Fomentarase o uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información ofrecida nos recursos didácticos tradicionais.

Propiciarase un clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual pero tamén o colectivo e as relacións entre o alumnado.

As exposicións do profesorado utilizarán diferentes soportes (libros de texto, presentacións dixitais, recursos audiovisuais, ...)

Farase fincapé en que o alumnado adquira hábitos de traballo constante: realización das actividades propostas, repaso dos contidos explicados, organización e realización de actividades no caderno de clase ou a utilización habitual de fontes de consulta.

Potenciarase que o alumnado utilice diversas fontes de consulta: libros de texto, dicionarios, a biblioteca, información dixital, en rede, medios de comunicación de masas..., guiándoos especialmente en saber elixir as fontes de información axeitadas, sobre todo, no que respecta a Internet.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura con actividades ou comentarios guiados.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.
Libro de texto da Editorial AKAL correspondente ao 3º curso da ESO

Para o desenvolvemento e explicación dos contidos utilizaráanse os apuntamentos, esquemas e cadros conceptuais que facilitará a profesora. Todos eles estarán colgados na aula virtual do centro. Estes constituirán o material básico neste curso. Tamén se utilizará o libro de texto da editorial AKAL correspondente ao terceiro curso da ESO como material de apoio, sobre todo, para a proposta de exercicios de repaso, reforzo e ampliación.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura

debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

-Diccionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

-Diccionario Panhispánico de Dúbdas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

-Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

-Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)

-Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabravirtual.com](http://www.palabravirtual.com)

-Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

-Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

-Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

-Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

-Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

-Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

-Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba recolle os contidos básicos dos que debemos partir e relacionados con todos os bloques dos currículo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	26	39	25	<b>30</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	74	61	75	<b>70</b>

### Criterios de cualificación:

Para obter a nota dunha avaliación, ponderaranse os diferentes instrumentos dispoñibles nas proporcións que detallaremos a continuación.

-PROBAS (60%)

Realizaranse dous exames (como mínimo) en cada avaliación sobre os contidos estudados, tanto de comprensión e redacción de textos coma de coñecemento da lingua e da literatura. Nela valorarase de xeito integrado a expresión e corrección escrita.

-TRABALLO COOPERATIVO (15%)

Realizaranse cada trimestre (se é posible) un ou varios traballos de aula (traballo cooperativo-roles) relacionado cun contido da materia e/ou vinculado cun contido transversal ou interdisciplinar.

-LIBROS DE LECTURA (15%)

Realizarase un traballo reflexivo-creativo sobre as lecturas. O traballo non consistirá nun resumo do libro, senón nun exercicio de escritura creativa, persoal e crítica que poderá levarse a cabo a través de varios formatos de presentación (escrito, audiovisual ou artístico). O alumnado poderá escoller entre unha listaxe proposta polo departamento. A listaxe poderase ampliar ó longo do curso coas aportacións do alumnado, sempre que conte coa aprobación do profesorado do departamento.

-TRABALLO INDIVIDUAL (10%)

O restante 10% acadarase polo traballo individual (resolución de exercicios, tarefas voluntarias, participación e colaboración durante as clases). Haberá a posibilidade de realizar tarefas voluntarias, de reforzo ou ampliación ó longo do curso. Estas só e unicamente poden ser propostas pola profesora.

A ortografía e a corrección na expresión escrita valorarase conxuntamente e de xeito integrado en cada un dos instrumentos.

-Procedemento:

A nota da avaliación será da media das notas das probas, traballos, traballo de lectura e o traballo en clase segundo as porcentaxes sinaladas máis arriba. A nota final da materia será a media entre as tres avaliacións. Aprobarán a materia o alumnado que teña de media unha nota igual ou maior de 5.

No caso de alumnado con NEAE, estes criterios flexibilizaranse, atendendo as consideracións e directrices do departamento de Orientación.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Poráselle ao alumnado unha nota numérica do 1 ao 10 que será a media aritmética entre as tres avaliacións tendo en conta as porcentaxes recollidas nesta programación (30%, 30%, 40% repectivamente). Os alumnos que obteñan 5 puntos obterán unha cualificación final positiva.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere a materia, examinarase do temario suspenso (o alumno poderá recuperar únicamente a parte que ten suspenso, a saber, exames, traballos, lectura,...) por avaliacións e de non acadar así un resultado positivo, terán outra oportunidade en xuño cunha proba global da materia. Nesta proba de xuño, por falta de tempo, non se realizará proba oral nin de lectura e repartirase a súa porcentaxe da nota entre os restantes bloques de contidos de xeito equitativo. Se un alumno ou alumna non superou un trimestre por non ter lido o libro de lectura, poderá recuperalo facendo unha proba específica de comprensión lectora.

Para aprobar é necesario ter unha nota mínima dun 5. Os mínimos esixidos dos estándares obxecto das preguntas serán os mesmos que os establecidos para os exames do curso. Cada profesor/a será o encargado de comunicarlles aos seus alumnos os contidos que deben recuperar e as datas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O xefe de departamento convocará os pendentes a distintas reunións ao longo do curso. Na primeira, os asistentes asinarán a recolla desta información, e tamén se lle dará para asinaren as familias. Explicarase tamén como serán as probas e o seu valor na nota.

Realizarase unha proba escrita nos diferentes periodos marcados polo centro ao longo do ano. Constará de tres partes: unha inicial de comprensión e expresión; unha segunda de literatura e unha final de gramática. Este exame contará un 70% da nota de pendentes. O outro 30% corresponderá a unha exposición oral sobre un libro de lectura marcado pola profesora ou profesor que imparte a materia no curso actual da alumna/o. Terá unha duración de cinco minutos e nela avaliarase tanto a expresión oral como o nivel de comprensión e reflexión sobre o libro de lectura.

Para acadar a nota mínima para o aprobado, 5, a alumna/o terá que realizar ambas as probas, non podendo aprobar a materia pendente se non se presenta a unha das dúas partes.

Todas as convocatorias serán probas finais, é dicir, quen aprobar a materia nunha delas terá a materia superada na súa totalidade, non tendo que se presentar de novo na convocatoria seguinte.

Se unha alumna ou alumno supera a materia de Lingua Castelá e Literatura do curso actual en xuño, darase a materia pendente por recuperada automaticamente, entendéndose que as competencias xa foron adquiridas. Porén, o alumnado de 4º coa materia pendente de 3º, deberá recuperar a parte de literatura correspondente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No Ensino Secundario Obrigatorio propónse o desenvolvemento integral de alumnado tanto a nivel intelectual coma de relación interpersonal. O seu carácter obrigatorio dótao dun principio comprensivo e diversificado que garanta a igualdade de oportunidades educativas a todos os alumnos/as.

As medidas de atención á diversidade irán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos estándares de aprendizaxe da etapa.

Para isto, a principios do mes de setembro, o noso centro organiza a agrupación do alumnado tendo en conta o anterior e as necesidades educativas dos alumnos e alumnas matriculados no centro e os recursos dos que se dispón, establecendo apoios, reforzos e adaptacións.

Atendendo ao disposto na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceranse aquelas medidas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Así pois, nos casos que o profesorado o estime oportuno e, en todo caso, no alumnado derivado polo Departamento de Orientación con NEAE, aplicaranse as medidas de adaptación recollidas nos protocolos educativos de intervención. A relación de alumnado obxecto de aplicación de dita medida será facilitada polo Departamento de Orientación, logo da Xunta de Avaliación Inicial que se realizará no mes de outubro.

O profesorado de Lingua castelá e literatura, apoiándose en probas diagnósticas, dará conta daquel alumnado que presente dificultades específicas de aprendizaxe para a consecución dos obxectivos e competencias clave; prestando especial atención aos problemas de lectoescritura e comprensión dos contidos impartidos. Propoñerá, cos demais membros da xunta de avaliación, unha atención educativa diferente á ordinaria cunhas medidas de apoio e reforzo aplicables a cada caso e que, a nivel xeral, poderán ser as seguintes:

-O profesor adicará un recreo para solucionar as dúbidas e reforzar os contidos no que alumnado presente problemas. Este curso será durante os 1º recreos dos xoves na biblioteca do centro.

-Redución do currículo, tanto no tocante aos contidos como aos criterios de avaliación e adaptación das probas empregadas para medir o nivel dos logros educativos a cada caso individual.

-No caso de alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), síndrome de Asperger ou dislexia, as probas que se lles propoñan terán unha disposición visual máis atractiva e clara (segundo as directrices do departamento de Orientación e os protocolos vixentes), e existirá maior flexibilización nas actividades de ortografía.

-Ó alumnado con Altas Capacidades ofreceráselle unha ampliación dos contidos que se estean a ver, así como actividades motivadoras e enriquecedoras das que ademais se podan beneficiar todos os alumnos/as do grupo.

-Reforzo educativo. Se o docente, tras un estudio do alumno en cuestión, se inclinara por esta opción, deberá ter en conta que esta é unha medida que afecta tan só a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, o profesor só poderá modificar todo aquilo que conforma a súa propia metodoloxía.

-Adaptación curricular individualizada (ACI). Ao igual que no reforzo educativo, tras a análise detallada dos problemas do alumnado e contando sempre co asesoramento do departamento de Orientación, deberase realizar unha adaptación curricular a aqueles alumnos con necesidades educativas especiais. Nas adaptacións curriculares será o docente quen decida as modificacións necesarias para que o alumno acade o grado de competencia pertinente. Para iso o docente poderá introducir modificacións significativas nos elementos prescriptivos do currículo común: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. A proposta curricular de cada unha delas realizarase buscando o máximo desenvolvemento das competencias clave de acordo coas posibilidades de cada alumno/a. A súa avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas mesmas.

Ademáis, na programación de aula o profesorado realizará unha proposta didáctica flexible respectando as distintas formas de acceder aos contidos e de expresar a información que ten o alumnado NEAE. Neste sentido, terá en conta as seguintes estratexias organizativas e pedagóxicas:

-Utilizar distintos medios de presentación e representación dos contidos e das actividades de aprendizaxe. (apuntamentos, libro de texto, vídeos, esquemas, mapas conceptuales,...)

-Ofrecer múltiples opcións que promovan a motivación e o compromiso do alumnado coa aprendizaxe. Explicarlle claramente o que se espera del e o tempo que dispón para cada tarefa, dentro dunha situación de aprendizaxe o máis estruturada posible.

-Colocación estratéxica en aula, diminuír elementos distractores e prestarlle unha atención individualizada cando sexa posible.

- Ter unha actitude positiva cara o proceso de ensino aprendizaxe que imos emprender con dito alumnado, comprendendo ás súas dificultades pero valorando as súas fortalezas e logros.

Asemade, tamén se atendera a unha posible adaptación das probas escritas. No momento de deseñar o exame terase en conta que as necesidades deste alumnado que están recollidas nos diferentes protocolos e plans elaborados pola Consellería de educación e aloxados en [//www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion/1556/1557](http://www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion/1556/1557)

Todas as adaptacións realizaranse en todas as convocatorias de exames, tanto nas ordinarias, na extraordinaria de xuño como na recuperación de pendentés.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.2 - Educación cívica e en valores	X	X	X
ET.3 - Formación estética	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X

### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

Isto será posible grazas á escollo de textos propios dos medios de comunicación, libros de lectura, material audiovisual, campañas, carteis, publicacións nas redes... que formarán parte do material didáctico e de traballo. Este material ademais de ser útil para realizar unha reflexión sobre o coñecemento e mecanismos que rexen o funcionamento das linguas, a tipoloxía textual ou cuestións relacionadas coa literatura, posibilitarán a reflexión e o debate sobre os valores expostos que se pretenden infundir ao alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	X
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidades conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos/as participantes.	X	X	X
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros de escritura creativa	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.	X	X	X
Lectura colectiva de prensa e debates	Na sociedade actual, o alumnado debe coñecer a linguaxe dos medios de comunicación. Esta actividade permite que se acheguen a este medio e que, a través dunha proposta de aula, se convertan por un tempo en redactores de noticias. Podemos buscar un tema do programa de clase ou de actualidade e, cunhas instrucións precisas, elaborar unha noticia e compartila na aula.	X	X	X
Asistencia a algunha representación teatral	Será unha oportunidade para achegar ó alumnado o xénero teatral e despertar o seu gusto polo mesmo.	X	X	X
Visita a algún museo.	Realizarase alguna visita a un museo ou exposición relacionada con algún autor ou contido que vimos en clase.	X	X	X

#### Observacións:

Ademáis das sinaladas máis arriba, existe no centro un grupo de apoio LGTBIQ+ co que intentaremos colaborar dende a materia na realización por exemplo de carteis, infografías, publicacións para redes ou material que necesiten para as súas actividades.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema para a activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Proporciónase ao alumnado en cada unidade un esquema, cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, proponendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.

### Descrición:

Ademais, realizarase en novembro unha enquisa a través da aula virtual do centro para que o alumnado poida expresar que cuestións considera positivas e cales considera que se deberían modificar no desenvolvemento das clases-unidades didácticas. Esta enquisa permitirá modificar estas cuestións nas seguintes avaliacións. Volverase a efectuar esta enquisa arredor do mes de maio para valorar o desenvolvemento do curso en conxunto.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**